



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre o uso de certificados dixitais na Xunta de Galicia

CONVOCATORIA: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) do 15 de marzo sobre Certificados

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 04/03/2022 - 08:00h ao 09/03/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á autoxestión da aprendizaxe e á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e lexislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional. Neste grupo de persoas destinatarias priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.
- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

A xornada de formación práctica dixital (E-martes) que se desenvolverá o día 15 de marzo de 2022 abordará o uso de certificados dixitais na Xunta de Galicia cunha dobre perspectiva:

- Uso interno nas administracións públicas: certificados de empregado público, certificados de selo electrónico para actuacións administrativas automatizadas e portasinaturas corporativo.
- Cidadanía: sede electrónica da Xunta de Galicia. Proxecto Chave 365. Sala electrónica de sinaturas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas reservaranse para o colectivo do persoal empregado público da Administración autonómica, e para a selección das prazas deste grupo terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada.

Fóra deste criterio específico para o grupo de persoal empregado público, a orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matriculade acordo coas persoas destinatarias e requisitos de selección establecidos na bases terceira e oitava da convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen ("Administración autonómica", para o persoal empregado público da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional, ou "cidadanía", no caso de non ser persoal empregado público).

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e despois seleccionar en "nome do curso" a "Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre o uso de certificados dixitais na Xunta de Galicia".

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 15/03/2022 a 15/03/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

María Isabel Novo Castro

Rodrigo Maquieira Bermejo

Javier Pardo Gómez

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 15 de marzo de 13:00 a 14:30. O día 15 de marzo de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 15 de marzo de 13:00 a 14:30. O día 15 de marzo de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 15 de marzo de 11:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA